

grupo co que actúa e a mostrar unha integridade total.

4.—Control: refírese ó autocontrol que poidan presenta-las persoas en calquera momento.

Baiona, 23 de xaneiro de 2004.—O Alcalde, Luis Carlos de la Peña Arízaga. 716

* * *

PONTEAREAS

A N U N C I O

ORDENANZA MUNICIPAL DA LIMPEZA DA VÍA PÚBLICA E RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS DE PONTEAREAS

TÍTULO I

Disposicións Xerais

CAPÍTULO 1.1.

Disposicións Xerais

Artigo 1.1.1

A presente ordenanza ten por obxeto a regulación, dentro do ámbito de competencia municipal, da limpeza da vía pública no referente ó uso polos cidadáns, e as accións de prevención encamiñadas a evitar a suciedade desta.

Artigo 1.1.2

Se aplicarán as normas da presente ordenanza nos supostos non expresamente regulados nela e que pola súa natureza entren dentro do seu ámbito de aplicación. Os servicios municipais establecerán a interpretación que estimen conveniente nas dúbidas que pudesen presentarse.

Artigo 1.1.3

1. Todos os habitantes están obrigados a evitar e prever a suciedade da cidade.

2. Así mesmo teñen dereito a denunciar as infraccións das que teñan coñecemento, en materia de limpeza pública. O Concello está obrigado a atender as recamacións, denuncias e suxestións dos cidadáns, exercendo as accións que en cada caso correspondan.

Artigo 1.1.4

1. Todos os cidadanos están obrigados ó cumprimento desta ordenanza e das disposicións complementarias que dicte a Alcaldía no exercicio das súas facultades.

2. A autoridade municipal exixirá o cumprimento da presente ordenanza, obrigando ó causante dun deterioro á reparación da afección causada,

sen prexuízo da imposición da sanción que corresponda.

3. A Alcaldía sancionará economicamente as accións e condutas que incumpran a presente Ordenanza.

Artigo 1.1.5

O Concello poderá realizar subsidiariamente traballos de limpeza que, según a Ordenanza, deben efectuar os cidadáns, imputándolle o custo dos servicios prestados e sen prexuízo das sancións que correspondan.

Artigo 1.1.6

O Concello realizará a prestación dos servicios mediante os procedementos técnicos e as formas de xestión que en cada momento estime conveniente para os intereses da cidade.

Artigo 1.1.7

A fin de fomentar as accións preventivas en canto á limpeza da cidade se refire, o Concello poderá establecer axudas económicas ou outras accións encamiñadas a:

- * Mellorar a limpeza da cidade.
- * Disminuir a produción de residuos.
- * Reciclar e recuperar os produtos residuais.

TÍTULO 2

Limpieza da vía pública

CAPÍTULO 2.1.

Uso común xeral dos cidadáns

Artigo 2.1.1

Considerase como vía pública e polo tanto de responsabilidade municipal a súa limpeza, os paseos, avenidas, rúas, prazas, beirarrúas, camiños, xardíns e zonas verdes, praias, zonas terreñas, pontes, túneis peonís e demais bens de propiedade municipal destinados directamente ó uso común xeral dos cidadáns. Exceptuaranse polo seu carácter non público as urbanizacións privadas, pasaxes, patios interiores, soares, galerías comerciais e similares, correspondéndolles a súa limpeza ós particulares, sexa a propiedade única, compartida ou en réxime de propiedade horizontal. O Concello exercerá o control de limpeza destes elementos.

Artigo 2.1.2

A limpeza da rede viaria e espazos públicos será realizada directamente polos servicios municipais ou, no seu caso, a través de empresas xestoras ou prestadoras do servicio co alcance e extensión que se determine nesta ordenanza e nos respectivos contratos que se concerten coas empresas, de acordo co contido das obrigas destas.

Artigo 2.1.3

A limpeza de elementos destinados ó servizo do cidadán situados na vía pública que non sexan de responsabilidade municipal, corresponderalles ós titulares administrativos dos respectivos espazos, actividades ou servizos, o igual que os espazos públicos da cidade con titularidade que corresponda a outros órganos da Administración alleos ó municipio.

Artigo 2.1.4

1. Queda prohibido botar na vía pública e espazos públicos toda clase de residuos, desperdicios, tanto no estado sólido coma líquido ou gaseoso, incluídos os residuos procedentes da limpeza da vía pública polos particulares.

2. Os residuos sólidos de tamaño pequeno coma papel, envoltorios e similares, deben depositarse nas papeleiras.

3. Prohíbese cuspir na rúa e satisfacer as necesidades fisiolóxicas na vía pública.

4. Prohíbese manipular as papeleiras e todo tipo de colectores de residuos, arrastrándoos, acotoándoos, rompéndooos ou incendiándoos e, en xeral, cualquera acto tendente ó seu deterioro ou inutilización para o uso ó que están destinados.

5. Prohíbese depositar nas papeleiras produtos líquidos e outros residuos sólidos que non sexan papeis e asimilables a estes ou pequenos obxectos inservibles dos que desexe desprenderse o posuidor na rúa.

6. Sen perxuizo e con independencia das sancións que procedan impoñer conforme ó establecido nesta ordenanza, os danos que se causen nas papeleiras e colectores de lixo serán aboados polos que os ocasionasen.

Artigo 2.1.5

1. Non se permite sacudir roupa, manteis e alfombras, dende balcóns, fiestras ou similares, á vía pública, salvo dende as 22 horas da noite ás 8 horas da mañá seguinte. En todo caso, esta operación realízase de forma que non cause danos nin molestias a persoas ou cousas.

2. Non se permite botar dende balcóns, terrazas e fiestras restos do coidado de plantas, do que deberán desprenderse a través do lixo domiciliario.

3. Non se permite a rega de plantas se con iso se producen derramamentos ou goteiras sobre a vía pública. Poderase efectuar a rega nas horas comprendidas entre as 22 horas da noite e as 8 horas da mañá seguinte, coas debidas precaucións para non producir molestias a veciños, peóns ou cousas.

4. Non se permite baleirar auga sucia sobre a vía pública ou zonas axardinadas.

5. Queda prohibido o vertido sobre a vía pública de desaugadoiros de aparellos de refrixeración.

6. Con carácter xeral, queda prohibido tender roupa nos ocios das fachadas exteriores dos edificios que sexan visibles dende a vía pública. Cando o edificio non teña patio interior ou patio de luces poderán utilizarse os ocios das fachadas.

7. Queda prohibido ter testos ou outros recipientes ou elementos con risco de caída á vía pública.

8. Prohíbese o abandono de mobles e enseres particulares na vía pública, agás os que estean en espera de recollida polos servizos municipais autorizados. Os enseres destinaados a recollida municipal depositaranse na vía pública nas vinte e catro horas anteriores á recollida.

CAPÍTULO 2.2.

*Actividades varias**Artigo 2.2.1*

1. As actividades que poidan ocasionar suciedade na vía pública esixen dos seus titulares a obriga de adoptar as medidas necesarias para evitala, así como a de limpar a parte da vía e dos seus elementos que se visen afectados, así como retirar os materiais residuais.

2. Para evitar a suciedade na vía pública, e en cumprimento da normativa vixente, as actividades están obrigadas a xestionar todos os residuos non asimilables a urbanos, ou ben, a facer uso dos sistemas de xestión de recollida selectiva municipais.

Artigo 2.2.2

1. As persoas ou empresas que realicen obras na vía pública ou limítrofes, deberán previr a suciedade da vía e os danos a persoas ou cousas. Para iso, é obrigatorio colocar valados e elementos de protección que illen a obra da actividade cidadá e de paso de peóns e vehículos así como dos tubos de descarga de entullos procedentes de obras de derribo. Os valados e elementos de protección permitirán o paso de peóns, non invadirán a vía pública e gardarán o ornato e decoro esixible.

2. Os materiais de suministro tales como area, cemento e outros, así como os residuais, colocaranse no interior da obra ou dentro da zona acoutada de vía pública debidamente autorizada. De ter que depositalos na vía pública, esixirá autorización municipal e farase nun recipiente axeitado máis nunca en contacto directo co chan.

3. A colocación de recipientes na vía pública para a recollida de restos de obras ou similares estará suxeita a autorización municipal.

4. Todas as operacións de obras como amasar, aserrar, etc., faranse no interior do inmovible da obra ou dentro da zona acoutada de vía pública debidamente autorizada, estando totalmente prohibida a utilización do resto de vía pública para estes labores.

5. O entullo e terras procedentes de movementos de terra, deberán ser eliminados polos interesados con suxeición á preceptiva autorización municipal.

6. Prohíbese depositar na vía pública toda case de entullo ou reboutallos procedentes de obras ou da construción, demolición, reforma, reparación ou conservación, edificios ou de calquera tipo de obras realizadas no interior destes.

Igualmente queda prohibido almacenar na vía pública, fora dos límites do valado protector das obras, material de construción, area, cemento, ladrillos e outros materiais.

7. Prohíbese queimar calquera residuo nos edificios en construción.

8. Na realización de calicatas, debe procederse ó seu cubrimento co mesmo tipo de pavimento existente, quedando expresamente prohibido o seu recheo provisional con terras ou outras substancias disgregables.

9. Prohíbese o abandono, vertido ou depósito directo na vía pública, soares e descampados, de calquera material residual de obras ou actividades varias. Os devanditos residuos deberán ser retirados das obras polos seus responsables e vertidos nos puntos autorizados polo Concello.

10. O transporte e xestión de todo tipo de material residual de obra ou actividades varias realizárase por medio de xestores de R.S.U. autorizados inscritos no Rexistro Xeral de Xestores de Resíduos Sólidos Urbanos de Galicia.

11. É obriga do constructor a limpeza diaria e sistemática da vía pública que resulte afectada pola construción de edificios ou realización de obras.

12. É obriga do constructor a limpeza dos vehículos das excavacións cada vez que acceda á vía pública, para deste xeito evitar a suciedade desta.

Artigo 2.2.3

1. Das operacións de carga, descarga e transporte de calquera material, responsabilízase o condutor do vehículo, sendo responsables solidarios os empresarios e promotores das obras que orixinasen o transporte de terras e entullo.

2. Os responsables procederán á limpeza da vía pública e dos elementos desta que se ensuciasen como consecuencia das operacións de carga, transporte e descarga de vehículos. A limpeza realizarase ó remate das operacións detalladas con anterioridade.

Artigo 2.2.4

1. Prohíbese lavar vehículos e maquinaria na vía pública, así como cambiar aceites e outros líquidos destes.

2. Prohíbese a limpeza de formigoneiras e demais vehículos de obra na vía pública.

2. Prohíbese reparar vehículos e maquinaria na vía pública, agás accións puntuais de emerxencia.

Artigo 2.2.5

1. A limpeza de escaparates e elementos exteriores de establecementos comerciais e edificios, efectuarase despois das 8 horas da mañá e antes das 22 horas da noite, tendo coidado de non emporcar a vía pública. O titular da actividade será o seu responsable.

2. Quen estea ó frente de quioscos de lambonadas, postos ambuantes, estancos, loterías e locais caracterizados pola venda de artigos susceptibles de producir residuos e envoltorios, están obrigados a manter limpa a área afectada pola súa actividade, tanto no horario de apertura coma unha vez rematada esta. A mesma obriga incúmbelles ós supermercados, tendas de alimentación, cafés, bares e similares, en canto á lonxitude da súa fachada e a área afectada pola súa actividade. En calquera caso, os titulares de actividades que polas súas características poidan dar lugar a que os clientes acostumen a desprenderse de papeis, impresos, envases, envoltorios ou similares, disporán de papeleiras ou recipientes co fin de evitar que se depositen ou tiren á vía pública.

3. Os establecementos de carácter permanente ou de tempada situados en vías e espazos públicos están obrigados a manter permanentemente limpo o espazo en que desenvolvan a súa actividade e as súas proximidades.

4. A mesma obriga incúmbelles ós propietarios de cafés, bares e establecementos análogos en canto a superficie de vías ou espazo público que se ocupe con mesas, cadeiras e outros elementos, así como a beirarrúa correspondente á lonxitude da súa fachada.

Artigo 2.2.6

Actividades coma circos, teatros ambulantes, tiovivos, mercados ambulantes e outras que polas súas características especiais utilicen a vía pública, están obrigadas a depositar unha fianza que garanta as responsabilidades derivadas da súa actividade. De ser necesario realizar limpeza por parte do Concello, a fianza pagará estes custos, e de seren estes superiores á fianza esixida, o importe da diferenza deberá ser aboado polos titulares da actividade.

CAPÍTULO 2.3.

Actos públicos e elementos publicitarios

Artigo 2.3.1

Os organizadores de actos públicos son responsables da suciedade derivada destes e están obrigados a informar ó Concello do lugar, percorrido e horario do acto que se pretende realizar, o cal poderá esixirlles unha fianza polo importe previsible

das operacións de limpeza que se deriven da realización do devandito acto.

Artigo 2.3.2

A licencia para uso de elementos publicitarios levará implícita a obriga de limpar os espazos da vía pública que se utilizasen, e de retirar, dentro do prazo autorizado, os elementos publicitarios e os seus correspondentes accesorios.

Artigo 2.3.3

1. A colocación de carteis e adhesivos efectuarase unicamente nos lugares autorizados.

2. Permitiranse os rótulos de carácter comercial nos edificios incluídos na relación de edificios e bens catalogados de Pontearreas, según as normas que o regulen no Plan Xeral de Ordeación Urbán.

3. Non está permitido colocar elementos publicitarios no mobiliario urbano (papeleiras, colectores, etc.) agás no mobiliario destinado a tal efecto.

4. A colocación de pancartas na vía pública ou en edificios poderá efectuarse unicamente con autorización municipal expresa nos seguintes casos:

- a) En períodos electorais.
- b) Con motivo de festas populares.
- c) Coa autorización da Alcaldía atendendo sempre a feitos de especial significación cidadá.

Artigo 2.3.4

Queda prohibido desgarrar, arrincar e/ou tirar á vía pública carteis, anuncios e pancartas.

Artigo 2.3.5

Non se permite lanzar carteis, folletos ou follas soltas ou utilizar outros medios impresos, emporcando os espazos públicos, sendo responsables da infracción as persoas físicas ou xurídicas que promovan ou xestionen a publicidade e no seu defecto e salvo proba en contrario, aqueles a favor dos cales se faga esta.

Artigo 2.3.6

As pintadas na vía pública sobre elementos estruturais, calzadas, beirarrúas, mobiliario urbano, muros e paredes, non están autorizadas. Serán excepcións:

- * As pinturas murais de carácter artístico que se realicen con autorización do propietario.
- * As situacións que ó respecto autoricen as Disposicións municipais.
- * Aquelas que debido á natureza especial das actividades que a xeneren requiran expresamente autorización municipal.

CAPÍTULO 2.4.

Soares e exteriores de inmobles

Artigo 2.4.1

1. Os propietarios de terreos e edificios, tanto habitados coma deshabitados ou abandonados, están obrigados a conservar o ornato público destes elementos, limpando e mantendo as fachadas, entradas e, en xeral, todas as partes do inmovible visibles dende a vía pública, así como os complementos dos inmobles, como antenas e chemineas.

2. Os titulares dos comercios e establecementos manterán limpas as paredes e fachadas dos seus negocios.

3. Prohíbese ter á vista en fiestras, balcóns e terrazas, roupa tendida ou calquera outra clase de obxectos que sexan contrarios ó decoro da vía pública.

CAPÍTULO 2.5.

Tenencia de animais na vía pública

Artigo 2.5.1

1. A tenencia de animais na vía pública, se adaptará ó Bando Municipal do 24 de novembro de 2000, e á lexislación vixente.

2. O propietario dun animal doméstico ou, en forma subsidiaria, quen o teña ó seu coidado está na obriga de recoller e retirar das rúas, avenidas, parques e outros lugares públicos as deposicións ou materiais similares que deposite o animal, sendo o responsable da a suciedade que este produza na vía pública.

Artigo 2.5.2

Prohíbese que os animais domésticos realicen as súas deposicións sobre as beirarrúas, parterres, zonas verdes ou terrazas e restantes elementos da vía pública destinados ó paso ou estadía dos cidadáns. Os propietarios de animais, ou aqueles que os teñan ó seu coidado, deberán recoller e retirar os excrementos, así como limpar a vía pública que ensuciasen. Os excrementos poderán:

- a) Incluírse no lixo por medio da bolsa de recollida habitual.
- b) Depositarse dentro de bolsas perfectamente pechadas, en papeleiras e colectores.

Artigo 2.5.3

O Concello poderá instalar nalgunhas zonas da cidade equipamentos para que os cans realicen as súas deposicións e prestará os servizos de limpeza dos devanditos lugares

Artigo 2.5.4

A realización de festas tradicionais e outros actos públicos con participación de cabalerías esi-

xirá a autorización previa municipal. O persoal afecto ós servizos municipais procederá a recoller os excrementos dos animais e deixará a zona nas debidas condicións de limpeza.

Artigo 2.5.5.

Queda prohibida a limpeza e o lavado de animais domésticos na vía pública.

Artigo 2.5.6

Queda prohibido o acceso ou permanencia de animais domésticos ou de compañía naqueles lugares de concorrencia pública e uso público tales como parques, praias, xardíns, piscinas, etc., nos que a súa estadía resulta desaconsellable por razóns hixiénicas ou sanitarias, ou por resultar a súa natureza e comportamento incompatibles coa actividade que en tales lugares se desenvolva.

Para tal efecto os citados lugares contarán coa correspondente sinal. En calquera caso, tamén estará prohibida con carácter xeral tal tenencia en calquera outro lugar de concorrencia e titularidade pública. Sempre que non haxa unha prohibición explícita que prohiba a tenencia destes animais nos citados espazos, deberán ir debidamente controlados, utilizando correa e buceira cando fose preciso.

CAPÍTULO 2.6.

Vehículos abandonados

Artigo 2.6.1

Queda prohibido o abandono de vehículos fóra de uso na vía pública. Os seus propietarios son responsables da recollida e eliminación dos seus restos.

Artigo 2.6.2

A Lei 10/1998, de 21 de abril, de Residuos, confiere ós vehículos abandonados a categoría de residuos, o que implica que o Concello asume a propiedade sobre os mesmos nos casos seguintes:

- * Cuando a aparencia do vehículo faga presumir abandono a xuízo dos servizos municipais e se cumpran os prazos e disposicións legais establecidos.
- * Cuando o propietario o declare residual a favor do Concello.
- * Exclúense desta consideración de abandonados os vehículos sobre os que recaia unha orde xudicial, coñecida polo Concello, para que permanezan na mesma situación, aínda que a autoridade municipal poderá recabar a adopción de medidas na orde ó ornato urbano.

Artigo 2.6.3

A retirada de vehículos abandonados da vía pública efectuarase de conformidade co disposto no Artigo 71.1 de a Lei sobre Tráfico, Vehículos a

Motor e Seguridade Viaria (aprobada por Real Decreto Legislativo Nº 339/90), seguíndose o procedemento previsto na Orde do Ministerio de Gobernación do 14 de febreiro de 1.974, sen prexuízo de que poida incoarse o correspondente expediente sancionador contra o responsable do abandono do vehículo por constituír unha infracción á Lei de Residuos, 10/1.998, do 21 de Abril.

Artigo 2.6.4

Quen voluntariamente desexe desprenderse dun vehículo, poderá solicitarlo ó Concello mediante escrito ó que achegarán a documentación e a baixa relativa a este. Os gastos de recollida e transporte serán por conta do propietario do vehículo.

Artigo 2.6.5

Cualquera persoa poderá comunicar ó Concello a existencia dun vehículo abandonado, sen que por iso adquira dereito ningún sobre este ou o seu valor.

CAPÍTULO 2.7.

Animais mortos

Artigo 2.7.1

A recollida de animais mortos será prestada polos servizos municipais a pedimento do cidadán.

Artigo 2.7.2

Prohíbese o abandono de cadáveres de calquera animal sobre toda clase de terreos, vías ou espazos públicos, así como a súa inhumación en terreos de propiedade pública.

Artigo 2.7.3

Quen observe a presenza dun animal morto deberá comunicar tal circunstancia ó servizo municipal competente coa finalidade de proceder á súa retirada nas condicións hixiénicas necesarias para tal operación.

TÍTULO 3

Recollida de residuos

CAPÍTULO 3.1.

Normas de carácter xeral

Artigo 3.1.1

A recollida dos residuos sólidos urbanos será realizada directamente polos servizos municipais ou, se é o caso, a través das empresas adxudicatarias do servizo.

Artigo 3.1.2

Os produtores ou posuidores de residuos sólidos deberán poñelos para a súa recollida nas condicións que se determinan nesta Ordenanza, ou nou-

tras normativas aplicables ou ordes da Alcaldía que as complemente, a disposición do Concello, quen adquirirá a propiedade destes dende a súa entrega e recollida, calquera que sexa a forma de prestación do servizo. O lixo depositarase nos colectores correspondentes entre o 1 de outubro e o 31 de marzo a partir das 19 horas e entre o 1 de abril e o 30 de setembro a partir das 21 horas.

Artigo 3.1.3

As devanditas persoas quedarán exentas de responsabilidade polos danos que poidan causar tales residuos, sempre que na súa entrega se observasen as citadas ordenanzas e demais normas legais ou regulamentarias.

Artigo 3.1.4

Da recepción dos residuos sólidos farase cargo o persoal adicado a este labor e quen os entregue a calquera outra persoa física ou xurídica que careza da correspondente cesión, ou autorización municipal, deberá responder solidariamente con esta polos perxuizos que puidesen producir por causa daqueles, independentemente das sancións ás que houbese lugar. En ningún caso, e baixo ningún pretexto, deben entregarse os residuos ó persoal encargado de varrer e regar as rúas.

Artigo 3.1.5

Cando os residuos sólidos pola súa natureza e a xuízo do servizo municipal competente, puidesen presentar características que os fagan tóxicos ou perigosos, esixírase ó produtor ou posuidor deles que, con anterioridade á súa recollida, realice un tratamento para eliminar ou reducir no posible estas características ou que os deposite na forma e lugar adecuados.

Artigo 3.1.6

Así mesmo, os produtores ou posuidores de residuos potencialmente tóxicos ou perigosos, ou que polas súas características poidan producir trastornos, quedan obrigados a proporcionarlle ó Concello e ó adxudicatario do servizo información completa sobre a súa orixe, cantidade e características, sendo responsable en todo momento de cantos danos se produzan cando se omitise ou falsease.

Artigo 3.1.7

Enténdese por residuos domiciliarios para os efectos unicamente desta ordenanza os que proceden da normal actividade doméstica así como os producidos en establecementos que pola súa natureza e volume son asimilables ós anteriores. Quedan excluídos da consideración os envases, residuos de envases, utensilios, mobles, restos de obra maior e menor e todo tipo de residuos líquidos.

Artigo 3.1.8

O Concello poderá dispoñer que en todo o municipio ou en zonas determinadas se depositen por separado en recipientes especiais aqueles residuos susceptibles de distintos aproveitamentos como papeis, botellas, latas, pilas e calquera outro que así se determine.

Artigo 3.1.9

A evacuación dos residuos domiciliarios farase obrigatoriamente no tipo de recipientes normalizados que en cada caso sinale o Concello, de acordo coa natureza dos residuos, as características do sector ou vía pública e coa planificación realizada para a recollida e transporte polo servizo municipal competente.

Artigo 3.1.10

Todos os residuos domiciliarios depositaranse en recipientes normalizados ou bolsas de plástico pechadas.

Artigo 3.1.11

Se unha entidade pública ou privada tivese que desprenderse de residuos sólidos en cantidades maiores ás que constitúen a produción diaria normal, e non de forma frecuente, non poderán presentalos conxuntamente cos residuos habituais. Nestes casos, a entidade poderá transportar os residuos pola súa conta ó centro de eliminación na forma que indique o Concello.

Artigo 3.1.12

Os produtores ou posuidores de residuos industriais están obrigados á adopción de cantas medidas sexan necesarias para asegurar que o transporte, tratamento, eliminación ou, no seu caso, aproveitamento se realice sen risco para as persoas e o medio ambiente.

Artigo 3.1.13

Serán considerados residuos industriais especiais aqueles que polas súas características non poidan ser clasificados como inertes ou simiares ós residuos urbanos e, en xeral, os que presenten algún risco potencial para a saúde pública e o medio ambiente.

Artigo 3.1.14

Para desfacerse dos residuos industriais será necesaria a correspondente autorización municipal, indicándose á vista da natureza e características dos mesmos, o lugar para o seu depósito.

Artigo 3.1.15

Cando os residuos industriais sexan tóxicos ou perigosos, ou poidan resultar de tal condición polo transcurso do tempo, só poderán ser depositados en

instalacións especiais que aseguren a súa destrución e inocuidade.

Artigo 3.1.16

O transporte dos residuos sólidos industriais poderán realizalo os propios produtores e posuidores ou terceiras persoas que contén coa oportuna licenza e mediante vehículos especialmente acondicionados para evitar todo risco.

Artigo 3.1.17

Prohíbese depositar nos recipientes normalizados destinados a residuos domiciliarios o entullo procedente de calquera clase de obra.

Artigo 3.1.18

O entullo e terra procedentes de movementos de terra deberán ser eliminados polos interesados con suxeición á preceptiva autorización municipal.

TÍTULO 4

Réxime sancionador

CAPÍTULO 4.1.

Disposicións xerais

Artigo 4.1.1

Os infractores da presente ordenanza serán sancionados de acordo co que dispón este Título.

Artigo 4.1.2

1. Todo cidadán o persoa xurídica poderá denunciar perante o Concello calquera infracción da presente ordenanza.

2. As denuncias orixinarán o oportuno expediente en averiguación dos feitos, seguíndose os trámites preceptivos, coa adopción das medidas cautelares necesarias ata a resolución final.

3. Os propietarios e usuarios por calquera título dos edificios, actividades ou instalacións, deberán permitir as inspeccións e comprobacións sinaladas na presente ordenanza de acordo coa lexislación vixente.

Artigo 4.1.3

1. As responsabilidades derivadas do incumprimento das obrigas sinaladas serán esixibles non só polos actos propios, senón tamén polos daquelas persoas de quen se deba responder conforme o detallado na lexislación vixente e presente ordenanza.

2. Cuando se trate de obrigas colectivas, a responsabilidade será atribuída á respectiva comunidade de propietarios ou veciños ou, no seu caso, á persoa que ostente a súa representación.

CAPÍTULO 4.2.

Disposicións sobre réxime disciplinario

Artigo 4.2.1

As responsabilidades derivadas do incumprimento das obrigas sinaladas na presente ordenanza serán esixibles non só polos actos propios, senón tamén polos daquelas persoas de quen se deba responder, das cousas e polo proceder dos animais dos que fose propietario.

Artigo 4.2.2

1. Constitúen infraccións administrativas os actos ou omisións que contraveñan o establecido nas normas contidas nesta ordenanza.

2. As infraccións cualificaranse en LEVES, GRAVES e MOI GRAVES, segundo a tipificación que se faga delas nos artigos seguintes.

Artigo 4.2.3

O procedemento sancionador axustarase ó reguado con carácter xeral para as Administracións públicas.

Artigo 4.2.4

Constitúen infraccións leves:

INFRACCIÓN	IMPORTE
Incumprimento das disposicións en materia de limpeza	100.16
Depósito de residuos domiciliarios ou doutra natureza en papeleiras	50.08
Incumprimento das normas sobre utilización dos recipientes herméticos para depósito de residuos	25.04
Tirar desperdicios na vía pública non usando os colectores habilitados para tal fin	25.04
Cuspir ou defecar na vía pública	30.05
Modificar a ubicación dos colectores levándolos dos puntos de recollida habilitados polo Concello	60.01
Depósito nas papeleiras de verquidos líquidos	50.08
Destrozos de calqueira tipo do mobiliario urbán, atendéndose o grao do destrozo incluírá a reposición do mobiliario dañado, ben sexa colectores, papeleiras, farolas, bancos, monumentos, etc.	150.25
Colocar carteis e panfletos anunciadores no mobiliario urbán e en edificios públicos e privados	60.01
Lanzar carteis, folletos ou follas soltas á vía e espazos públicos	60.01
Sacudir roupa, manteis á vía pública fora das horas habilitadas a tal efecto	12.02
Botar dende os balcóns e fiestras dos edificios restos do coidado de prantas	60.01
Regar as prantas fora do horario habilitado a tal fin provocando molestias o vecindario	12.02
Realizar a limpeza de escaparates fora do horario habilitado	60.01
Colocación de testos ou recipientes con risco de caída a vía pública	60.01

Colocación na vía pública de colectores de escombros, sacos etc. Sen o permiso e autorización correspondente	150.25
Almacenamiento na vía pública de toda clase de entullos ou reboutallos procedentes de obras de construción	150.25
Almacenamiento fora dos límites do valado protector das obras de material de construción, area, cemento, ladrillos e outros materiais	150.25
Non limpar diariamente a vía pública afectada pola construción dun edificio ou vivenda	150.25
Lavar vehículos na vía pública	100.16
Reparar vehículos ou maquinaria na vía pública	100.16
Non manter o ornato nos edificios e terreos deshabitados ou abandonados. Manterá as fachadas e partes visibles dos inmobles dende a vía pública e accesos limpos	150.25
Manter as antenas, chemineas e outros complementos dos inmobles en mal estado de conservación	150.25
Tender roupa en balcóns, fiestras e terrazas das fachadas principais dos edificios	12.02
Non recoller as deposicións dos animais das rúas, avenidas, parques e outros lugares públicos	30.05
Lavar os animais na vía pública ou en lugares de concurrencia pública	100.16
Depositar os residuos nos colectores antes do horario establecido para tal fin	30.05
Depositar os residuos nos colectores sen utilizar recipientes normalizados ou bolsas pechadas	15.02
Depositar nas rúas enseres para a recollida dos mesmos antes das vinte e catro horas anteriores ó día da recollida	60.06
Calquera outro incumprimento de preceptos desta ordenanza que non estean cualificados como infraccións graves ou moi graves	VALORARASE

Constitúen infraccións graves:

<i>INFRACCIÓN</i>	<i>IMPORTE</i>
A reincidencia na comisión de tres faltas leves no período dun ano	300.49
Incumprimento das normas sobre o depósito e a retirada de entullo procedente das obras nas vías públicas	601.01
Abandono de mobles e utensilios na vía ou espazos públicos, incumprindo o disposto nos artigos anteriores	300.49
Abandono de animais mortos ou a súa inhumación en terreos públicos	300.49
Incumprimento das normas sobre residuos industriais que non sexan tóxicos ou perigosos	150.26
Permitir que o animal transite (acompañado ou non) por lugares e espazos públicos cando este uso estea especialmente prohibido neles	150.26
Manipular, romper, queimar ou destrozarse papeleiras e colectores de residuos	450.75
Depósito nas papeleiras de verquidos líquidos ou sólidos que poidan ser considerados tóxicos ou perigosos	300.49
Colocación de elementos publicitarios nos edificios catalogados do Concello agás nos termos sinalados na presente ordenanza	150.26
Colocación de pancartas na vía pública ou en edificios sen autorización municipal, salvo nos casos sinalados na presente ordenanza	150.26
Incumprimento da obriga de valado de obras	601.01
Depósito na vía pública de materiais de administración sen autorización municipal e sen utilizar un recipiente axeitado	300.49

Realización de traballos propios de obra na vía pública	601.01
Queimar calqueira residuo nos edificios en construción	601.01

Constitúen infraccións moi graves:

<i>INFRACCIÓN</i>	<i>IMPORTE</i>
Reincidencia na comisión de tres faltas graves	601.02
Adicarse a recollida e xestión de residuos sen a debida autorización ou licencia	3005.06
Non proporcionarlle información ó Concello sobre a orixe, cantidade e características dos residuos que poidan producir transtornos	901.53
Incumprimento das normas sobre residuos industriais que sexan tóxicos ou perigosos	6010.12

Artigo 4.2.5

Na aplicación das sancións atenderase ó grao de culpabilidade, intencionalidade, dano causado, perigosidade que implique a infracción e demais circunstancias atenuantes ou agravantes que concorran.

Artigo 4.2.6

1. O importe das sancións será o seguinte:

LEVES: apercibimento e multa de ata 150,25 €.

GRAVES: multa de 150,26 € a 601,01 €.

MOI GRAVES: multa de 601,01 € a 6.010,12 €.

O valor da sanción poderá incrementarse ou reducirse de acordo coas circunstancias dos feitos.

2. As infraccións reincidentes se cuantificarán nun 25% máis ó que lles corresponda polas súas características.

3. Algunhas infraccións, pola súa natureza, poderán ter, ademais da sanción correspondente, accións administrativas que se definen a continuación:

Clausura da actividade:

* **Atentados graves e de consecuencias importantes** hacia o medio ambiente.

* **Reincidencia** contínua en infraccións sobre limpeza.

Retirada de licencia:

* **Infraccións graves ou moi graves e acumulación de sancións de menor grao.**

* **Infraccións graves o moi graves e acumulación de sancións de menor grao referentes á limpeza, na realización de obras e construcións.**

* **Verquido incontrolado de escombros en cantidades importantes ou en lugares inadecuados. Acumulación de sancións de menor grao polo mesmo motivo.**

* **Infraccións graves e acumulación de sancións de menor grao referentes á limpeza pública, en actividades ambulantes como circos, quioscos e similares.**

Otras sancións:

- * Retirada de elementos publicitarios en infraccións leves, graves e moi graves.

Disposición Adicional

A presente Ordenanza no que respecta ás sancións económicas e ó seu importe está suxeita ó incremento anual do I.P.C.

Ponteareas, 14 de xaneiro de 2004.—O Alcalde, Francisco Candeira Mosquera. 408

* * *

PORRIÑO**E D I C T O**

Por non resultar posible a práctica da notificación persoal ó interesado, no lugar indicado, por medio do presente anuncio e de conformidade co disposto no artigo 59.4 da Lei 30/92, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/99 de 13 de xaneiro, notifícase a Vivendas Galegas de Protección Oficial, S.A., o seguinte acto administrativo,

“Don Eduardo Portela Fernández. Secretario Xeral do Concello de O Porriño (Pontevedra).

NOTIFICO:

Que o Pleno Corporativo en sesión ordinaria de data 23 de novembro de 2003, adoptou o acordo, que de seguido transcribo literalmente:

3º) EXECUCIÓN DE AVAIS CONSTITUIDOS EN GARANTÍA DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN “MONTE ALTO”.

Toma o uso da palabra o Alcalde dando lectura do dictamen da Comisión Informativa de Urbanismo, Vías e Obras de data 22 de outubro de 2003 co seguinte contido literal.

“1º) INICIAR EXPEDIENTE DE EXECUCIÓN DOS AVAIS SEGUINTE:

PROMOTOR	IMPORTE	AVALISTA
VIVENDAS GALLEGAS DE PROTECCIÓN OFICIAL S.A.	6.109.708 PTS.	C.I.A. ESPAÑOLA DE SEGUROS REASEGUROS, CRÉDITO Y CAUCIÓN, S.A.
PROMOCIÓN MONTEFERRO GALICIA, S.A.	1.199.684 PTS.	SOGARPO, SGR.
PROMOCIONES MONTEFERRO GALICIA, S.A.	655.542 PTS.	SOGARPO, SGR.
PROMOCIÓN MONTEFERRO GALICIA, S.A.	658.788 PTS.	SOGARPO, SGR.
PROMOCIONES MONTEFERRO GALICIA, S.A.	658.788 PTS.	SOGARPO, SGR.
PROMOCIONES MONTEFERRO GALICIA, S.A.	10.586 EUROS	SOGARPO, SGR.

2º) DAR VISTA E AUDIENCIA DO EXPEDIENTE VIVENDAS GALEGAS DE PROTECCIÓN OFICIAL, S.A. E PROMOCIÓN MONTEFERRO GALICIA, S.A. DURANTE UN PRAZO DE 10 DIAS HÁBILES.”

Rematada a lectura da proposta intervén don Xosé Manuel Barros González do grupo municipal popular para indicar que está a favor da proposta presentada.

A continuación, intervén don Jose Nelson Santos Argibay do grupo municipal de Independentes de O Porriño para indicar que non entende o interese municipal en proceder a execución dos avais relacionados, e considera un absurdo e un coste para o Concello executar este trámite en canto que as entidades avaladas e as entidades bancarias presentaran o oportuno recurso contencioso-administrativo. Neste senso lembra que todavía están sin construír 5 vivendas e se celebrou unha reunión entre os avogados das partes para chegar a un acordo polo que non procede que o Concello vaia por diante dos particulares. Remata a súa intervención proponendo que o asunto se retire da orde do día ata que os promotores se poñan de acordo sobor da execución da urbanización, en todo caso anuncia a abstención do seu grupo.

Contesta o Alcalde indicando que en todo caso se trata dun acto de trámite, un acordo de aprobación inicial que se somete a audiencia dos interesados e que ó remate do período de exposición ó público se resolverán estas cuestións.

De seguido, intervén don Nicolás Iván Vaqueiro Gradín do grupo municipal socialista para anunciar o voto a favor do seu grupo.

A continuación, intervén don Pedro Pereira Fernández do grupo municipal do B.N.G. para indicar que ó tratarse dunha urbanización por fases, poden executarse proporcionalmente os avais correspondentes ás urbanizacións non executadas que se correspondan con vivendas construídas, e pide que se aprobe o acordo.

A continuación, o Alcalde somete a votación a petición de retirada do asunto da orde do día, en cumprimento do disposto no artigo 92 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais resultando rexeitado co seguinte resultado.

VOTOS A FAVOR: (DO GRUPO MUNICIPAL DE INDEPENDENTES DE O PORRIÑO).

VOTOS EN CONTRA: 12 (DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-P.S.O.E. E B.N.G.).

ABSTENCIÓNS: 0.

A continuación, o Alcalde somete a votación o dictamen da Comisión Informativa de Economía, Fachenda e Patrimonio resultando aprobado co seguinte resultado.